



DEBILIDADES.

Centro.	Aulas sen taboleiros dixitais tanto na Ed. Primaria (1º, 3º e 4º) e na Ed. Infantil (4º e 5º) .
Centro.	Obsolescencia de tabletas e PDIs.
Centro.	Dificultades técnicas para o uso e afianzamento das TIC na etapa de Ed. Infantil e 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria xa que faltan dispositivos dixitais (ordenadores, taboleiros dixitais, tabletas,...).
Familias	Heteroxeneidade na situacións económicas e formativas das familias.
Familias.	Falta de dispositivos dixitais nos fogares para a realización de tarefas escolares.
Formación	Necesidade de formación práctica en TIC para profesorado, alumnado e familias.
Prof	Profesorado con nivel heteroxéneo na competencia dixital.
Prof.	Necesidade de dispoñer de máis tempo para a formación TIC e para a elaboración de materiais didácticos baseados nas TIC.
Prof.	Falta de concienciación na autoavaliación do traballo realizado.
Prof.	Renovación do claustro docente nos últimos dous anos.
Prof.	Proximidade a data de xubilación do coordinador TIC e docentes implicados no desenvolvemento e implantación das TIC.
Prof.	Nos últimos dous anos, por mor das xubilacións, e as baixas médicas, existencia de profesorado provisional e substituto



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE
MANUEL SUEIRO



	con pouca experiencia, que dificulta afianzar as boas prácticas debendo dedicar máis tempo para alcanzar certas competencias dixitais.
--	--

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO.
Rúa Antonio Failde Gago n.º 21.
CP: 32004. Ourense
T. +34 988 231 026 | F. 988 231 026
ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/



AMEAZAS.

AE	Normativa restritiva en materia de protección de datos.
AE	Excesiva carga burocrática e administrativa na actualización e dotación económica para a actualización dos recursos tecnolóxicos.
AE	Sensación de presión por parte da Administración Educativa a familias e profesorado á hora de implantar as TIC.
AE	Cambios continuos na lexislación educativa.
AE	Imposición de burocracia , que fai que vai máis a modo a execución de proxectos así como a financiación para a reposición e actualización dos recurso dixitais.
Alumnado	Baixo uso das tecnoloxías, por parte do alumnado, con fins pedagóxicos fóra do centro educativo.
Alumnado	Chegada de alumnado novo sen ningunha cultura dixital, nin recursos familiares para poder afrontar a súa integración en esta nova sociedade TIC.
Centro	Obsolescencia tecnolóxica que obriga a continuas inversións.
Centro	Baixos recursos económicos e falta de fondos á hora de reposición e actualización de equipos informáticos e tecnolóxicos.
Centro	Escaseza de recursos económicos no centro educativo para manter a infraestrutura TIC e as súas reparacións.
Familias	Gran brecha dixital do alumnado e familias.



Familias.	Desigualdade social e económica das familias en canto ao acceso e ao uso dos recursos dixitais.
Familias.	Algunhas familias son reticentes ao uso de metodoloxías emerxentes, estando en contra do uso dos ordenadores para traballar na aula. Existe certa desconfianza por parte das familias a que os seus fillos e fillas aprendan igual a través das TIC.
Familias.	Pouca competencia dixital das familias.
Familias.	Familias con alumnado con problemas de historia escolar que non ven os estudos dos seus fillos e fillas como algo para progresar e que non poñen os medios para dar acceso aos seus fillos e fillas a unha educación telemática.
Familias.	Familias que non usan os sistemas de comunicación do centro educativo (abalarmóbil) por cambios continuos e non actualizados dos seus dispositivos móbiles.
Prof.	Chegada de profesorado novo que non se implique no contexto TIC.
Sociedade	Cansazo social no uso das TIC, vinculando o seu uso con todo o relacionado co confinamento.



FORTALEZAS.

Alumnado	Alumnado altamente motivado á hora de usar as novas tecnoloxías.
Centro	Colexio en dotado de recursos educativos e liña, medios tecnolóxicos, equipos e programas informáticos (maqueta abalar).
Centro	Plan de actualización e mantemento dos recursos e equipos dixitais.
Centro	Estratexia dixital clara, na que as o programa EDIXGAL e as aulas virtuais están ben organizadas e con acceso a todo o profesorado dos recursos e formación que se atopan nelas.
Centro	Escasa conflitividade entre o alumnado permitindo realizar actividades variadas e interdisciplinares nos que o PDI é o eixo central e as TIC un medio para levalas a cabo.
Centro	O Centro forma parte da rede EDIXGAL e da rede de centros Plurilingües.
Centro	Existencia dunha boa coa comunidade educativa a través da páxina web e das redes sociais (facebook, twitter e instagram).
Centro	Banco de recursos actualizados e de fácil acceso ao profesorado a través das aulas virtuais que se atopan dentro da páxina web do colexio.
Centro.	Páxina web do centro, coñecida e seguida polas familias e o alumnado, estando actualizada e usándose para facer públicas e visibles, sendo unha ventá aberta do colexio á comunidade educativa. Elemento de referencia para o traballo



	diario do profesorado (XADE, correo electrónico, calendario, documentación profesional, AFA,...).
Centro.	As actividades do centro xiran entorno a un PDI que fai que existan proxectos interdisciplinares ben consolidados e estruturados en metodoloxías centradas no traballo por proxectos e no uso das TIC.
Centro.	Aula TIC con ordenadores con postos escolares suficientes.
Centro.	Pouco alumnado no colexio cuns ratios por aulas que favorecen o control e a solución de dificultades que xorden con respecto a xestión nos grupos EDIXGAL e nas aulas virtuais.
Centro.	Aulas pouco masificadas co que se pode personalizar mellor a atención do alumnado, tanto no aspectos presencial como telematicamente. Ao ter uns ratios axustados é factible detectar mellor as dificultades de acceso á tecnoloxía e internet e así poder darlle solución.
Centro.	Implicación do profesorado e do equipo directivo no uso de novas metodoloxías centradas nas TIC.
Entorno	Boa relación do colexio cos centros educativos da zona o que facilita o intercambio de boas prácticas, a elaboración de proxectos comúns, intercambio de ideas e experiencias,... (CIFP Portovello, Universidade de Vigo,...).
Prof.	Claustro unido, relación cordial, traballo en equipo e colaboración entre o profesorado. Disponibilidade por parte do responsable TIC e do equipo directivo para axudar e apoiar ao profesorado na súa labor diaria coas TIC.
Prof.	Formación a través dos PFPP, cunha ampla oferta de cursos, na que un gran número de docentes están implicados no proceso de formación centrado nas TIC.
Prof.	Existencia dunha cultura de compartir experiencias e recursos de creación propia entre o profesorado difundindo as súas experiencias a través da páxina web ao resto da comunidade educativa.



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE
MANUEL SUEIRO



Prof.	Actitude positiva do profesorado no uso de novas metodoloxía e o uso das TIC
-------	--

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO.
Rúa Antonio Failde Gago n.º 21.
CP: 32004. Ourense
T. +34 988 231 026 | F. 988 231 026
ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/



OPORTUNIDADES.

AE	Internet e as aplicacións educativos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade permiten unha xestión eficiente das titorías, información e comunicación co profesorado, familias,... (XADE, correo electrónico, abalarmóbil,...).
AFA	Os membros da AFA Limiar, mostra ilusión e vontade por participar e implicarse na vida do centro e apoiar os proxectos que o centro inicia.
Alumnado.	Boa predisposición do alumnado no uso das novas tecnoloxías.
Alumnado.	Acceso do alumnado a dispositivos fóra do centro educativo ofertados polo programa EDIXGAL.
Centro	Emprego das TIC e TAC por parte do alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria (EDIXGAL) están en aras de normalizarse e converterse en cotiás.
Centro.	Experiencia adquirida a través de EDIXGAL. Bo uso dos portátiles e da internet en proxectos interdisciplinares.
Centro.	Dispoñibilidade de información na rede e o banco de recursos dentro das aulas virtuais ofrecen gran cantidade de datos e oportunidades para o profesorado e alumnado. Existe unha continua aparición e consolidación de diversas APPs útiles nas contornas educativas.
Centro.	O centro crea relacións con institucións públicas (Concello e Deputación de Ourense, Consellería de Cultura e Educación, Universidade de Vigo,...) para a elaboración de proxectos comúns.
Centro.	Lexítimo interese do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro para incentivar e fomentar a actividade formativa do profesorado



	en base as necesidades do colexio e a intereses persoais.
Centro.	Mellora dos recursos dixitais das editoriais así como os recursos que se atopan na web clasificándose nas aulas virtuais de recursos que se atopan na páxina web do colexio.
Centro.	Aulas grandes nas que poder colocar equipos TIC para o traballo en aula (recuncho da informática) na que poder buscar información e levar a cabo proxectos interdisciplinares.
Centro.	Mellora da comunicación coas familias mediante a optimización da mensaxería abalarmóbil.
Centro.	Boa colaboración co CFR, entorno natural e social que favorece que a formación, comunicación e innovación no uso das TIC sexa moi produtivo.
Centro.	Ser un centro modelo no uso das TIC.
Familias.	Boa relación entre os membros da comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado e equipo directivo).
Familias.	As familias, en xeral, aceptan as decisións que toma o centro educativo con respecto a implantación de novas metodoloxías centradas nas TIC.
Prof.	Fomento e implicación do profesorado nas innovacións educativas e no uso das TIC.
Prof.	Plan de formación do profesorado (PFPP) configurado anualmente polo centro en función das necesidades de formación do centro educativo.
Prof.	Mesmos intereses na plantilla do profesorado á hora de avanzar no uso das tecnoloxías.
Sociedade.	Implantación, cada vez dunha maior dixitalización en todos os aspectos da vida social, a oferta educativa, formas de comunicación interpersonal e coas institucións públicas e privadas,.. tendo un efecto colateral positivo derivado do



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE
MANUEL SUEIRO



	mantemento da formación educativa a través da novas tecnoloxías durante a época de confinamento.
Sociedade.	A sociedade, en xeral, é moi favorable ao bo uso da tecnoloxía tal e como se recollen no Obxectivos de desenvolvemento sostible. Axenda 2030.
Sociedade.	As tecnoloxías proporcionan novos enfoques e oportunidades de comunicación e aprendizaxe ubicuo ou mixto.

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO.
Rúa Antonio Failde Gago n.º 21.
CP: 32004. Ourense
T. +34 988 231 026 | F. 988 231 026
ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel.sueiro/